

**CONTRATACIÓN,PATRIMONIO E FOMENTO**

MLA/

Ref<sup>o</sup>.: sinais rcto amurallado

Asunto: acta económica

## **ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN**

### **CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DE SINAIS NO RECINTO AMURALLADO DE LUGO. ACTUACIÓN ENMARCADA NO PROXECTO URBAN CO COFINANCIAMENTO DO 705 DA UNIÓN EUROPEA A TRAVÉS DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (PO FEDER GALICIA 2007-2013). PROXECTO 10UR4202 Urban Sinalización. Apertura económica**

Sendo as 13:30 horas do día 14 de xullo de 2011, no Salón de Comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla, 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida pola Ilma Sra Tenenta de Alcalde e Concelleira delegada da área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación, dona Sonia Méndez García, actuando como vocais dona Paz Abreira, como concelleira da área de Infraestructuras e Axenda 21, dona Esther Muñoz Mella, en representación do Grupo Municipal do Partido Socialista, don Angel Trabada, en representación do Partido Popular, dona Elva Anido Anido, pola Intervención municipal, dona Ana Isabel Sáez Mancebo, letrada asesora dos servizos xurídicos do Concello de Lugo e actuando como secretario don Manuel Louzao Aldariz, xefe do servizo de contratación, patrimonio e fomento do Concello.

Tamén asiste ao acto don José Luis Lorenzo, en representación de PRELO, S.L., don Jaime Fraga, en representación de DIURGABAL GALICIA, don Fernando López, en representación de PROTECCIÓN VIAL.

Abre a sesión a Sra. Presidenta e procédese por parte do Sr. Secretario á comprobación da documentación subsanada polas empresas ás cales se lles requeriu documentación. Así pois as empresas: API MOVILIDAD, S.A., PRELO, S.L., SINAIS ATLÁNTICOS, S.L., LABERING, S.L., SERVICIOS Y CONTRATAS CASA MAESTRA, S.L., e POSTIGO , OBRAS Y SERVICIOS, S.A., non subsanan a documentación correctamente polo que se procede a súa exclusión.

Procédese a continuación á apertura dos sobres B (oferta económica co seguinte resultado:

## CONTRATACIÓN,PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/

Ref<sup>o</sup>.: sinais recto amurallado

Asunto: acta económica

1.- PROTECCIÓN VIAL, S.L.- propón como prezo do contrato a cantidade de 67.146,84 euros, IVE incluído e un aumento do prazo de garantía de 4 anos a maiores do mínimo de 2 anos esixido nos pregos.

2.- REYNOBER, S.A.- propón como prezo do contrato a cantidade de 68.603,04 euros, IVE incluído e un aumento do prazo de garantía de 5 anos a maiores do mínimo de 2 anos esixido nos pregos.

3.- ESTAMPACIONES CASADO, S.L.- propón como prezo do contrato a cantidade de 48.276,85 euros, IVE incluído e un aumento do prazo de garantía de 2 anos a maiores do mínimo dos 2 anos esixido nos pregos.

4.- DIURGABAL GALICIA.- propón como prezo do contrato a cantidade de 72.639,78 euros, IVE incluído e un aumento do prazo de garantía de 20 anos a maiores do mínimo de 2 anos esixido nos pregos.

5.- CONSTRUCCIONES TÉCNICA GCM, S.L.- propón como prezo do contrato a cantidade de 50.958,79 euros, IVE incluído e un aumento do prazo de garantía de 6 anos a maiores do mínimo de 2 anos esixido nos pregos.

6.- TEVASEÑAL, S.A.- propón como prezo do contrato a cantidade de 48.539,89 euros, IVE incluído e un aumento do prazo de garantía de 5 anos a maiores do mínimo de 2 anos esixido nos pregos.

7.- PATRICIO CABEZAS, S.A. (PACASA).- propón como prezo do contrato a cantidade de 62.157,61 euros, IVE incluído e un aumento do prazo de garantía de 5 anos a maiores do mínimos de 2 anos esixido nos pregos.

8.- HEGA CUATRO, S.L.- Propón como prezo do contrato a cantidade de 64.337,53 euros, IVE incluído e un aumento do prazo de garantía de 5 anos a maiores do mínimo de 2 anos esixido nos pregos.

A continuación procédese á realización das puntuacións obtidas por cada proposición segundo os criterios de adxudicación recollidos no prego de cláusulas administrativas particulares, quedando do seguinte xeito:

**CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO**

MLA/

Ref<sup>o</sup>.: sinais recto amurallado

Asunto: acta económica

|  | Oferta económica<br>PUNTUACIÓN | Prazo de garantía<br>PUNTUACIÓN | TOTAL PTOS |
|--|--------------------------------|---------------------------------|------------|
| PROTECCIÓN VIAL                        | 57,51 ptos                     | 4 ptos                          | 61,51 ptos |
| REYNOBER, S.A.                         | 56,29 ptos                     | 5 ptos                          | 61,29 ptos |
| ESTAMPACIONES<br>CASADO, S.L.          | 80 ptos                        | 2 ptos                          | 82 ptos    |
| DIURGABAL<br>GALICIA                   | 53,16 ptos                     | 20 ptos                         | 73,16 ptos |
| CONSTRUCCIONES<br>TÉCNICA GCM,<br>S.L. | 75,78 ptos                     | 6 ptos                          | 81,78 ptos |
| TEVASEÑAL, S.A.                        | 79,56 ptos                     | 5 ptos                          | 84,56 ptos |
| PATRICIO<br>CABEZAS, S.A.<br>(PACASA)  | 62,13 ptos                     | 5 ptos                          | 67,13 ptos |
| HEGA CUATRO,<br>S.L.                   | 60,02 ptos                     | 5 ptos                          | 65,02 ptos |

Á vista das puntuacións obtidas polos licitadores, os integrantes da mesa acordan por unanimidade propoñer a adxudicación do contrato á empresa TEVASEÑAL, S.A., por ser a oferta economicamente máis vantaxosa.

Sen máis que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás horas no lugar sinalado no encabezamento.

A PRESIDENTA

O SECRETARIO

Asdo.: Sonia Méndez García

Asdo.: Manuel Louzao Aldariz